

O Concello de Porto do Son, informa que no Diario Oficial de Galicia núm. 21 do 30 de xaneiro de 2018, saen publicadas as seguintes resolucións:

- Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020,

Beneficiarios:

- a) As entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.
- b) As entidades sen ánimo de lucro e as comunidades de montes.
- c) As empresas legalmente constituídas e autónomos.

http://www.inega.gal/subvencions/subvencions/Energiasrenovables/2018/ficha_renovables2018_0001.html

Prazo para a presentación das solicitudes

Inicio: desde o 31 de xaneiro de 2018

Fin: 28 de febreiro de 2018

Só se admite a presentación electrónica.

- Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables **destinadas a particulares** e cofinanciadas parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2018 e se procede á selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións.

Beneficiarios:

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as **persoas físicas propietarias de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños**, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 3 se realice en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, as agrupación de persoas físicas, privadas sen personalidade, non podendo estas disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

http://www.inega.gal/subvencions/subvencions/Energiasrenovables/2018/ficha_renovables2018_0002.html

Prazo para a presentación das solicitudes

Inicio: desde o 31 de xaneiro de 2018

Fin: 28 de febreiro de 2018

Só se admite a presentación electrónica.